

**TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA**

**1. FUNCÍONS DO SECTOR PÚBLICO**

Ao longo da historia do pensamento económico, moitos autores defenderon a autonomía do mercado para satisfacer da mellor forma as necesidades dos individuos. Defenderon o denominado “laissez faire”, a man invisible de Adam Smith, como o principal economista liberal.

Posteriormente, trala primeira gran crise do capitalismo industrial, Marx propón unha economía centralizada, na que o Estado se converte no axente económico principal.

Trala crise do 29, xurdiron moitas dúbidas e críticas ao modelo capitalista e Keynes propón a intervención do Estado nas economías capitalistas para garantir a estabilidade da economía.

Saber máis: Escolas Económicas e Tendencias Actuais

*Exemplo: Cada catro anos, todos os cidadáns maiores de idade temos a oportunidade de elixir que tipo de representación desexamos a través das eleccións municipais, autonómicas, xerais, europeas.*

*Cando decidimos orientar o noso voto para uns ou outros representantes estamos posicionándonos, entre outros aspectos, para un determinado tipo de política económica.*

*Se contemplamos algunhas das promesas electorais para as eleccións xerais do 2008, no ámbito da economía poderíamos dicir que o PSOE propón unha redución de impostos (sempre que o gasto social o permita), o PP propón unha redución de impostos maior, e IU propón unha subida dos impostos para os máis ricos.*

Independentemente da corrente do pensamento económico, hoxe en día é indubidable a necesidade dun Estado para o bo funcionamento da economía, as discusións céntranse en se esta intervención debe ser maior ou menor. A xustificación dun Estado é consecuencia de, os xa vistos, fallos do mercado.

- a) Externalidades: é necesario que alguén as controle para que as externalidades negativas se minimicen e, en todo caso, que se privaticen ou internalicen polos axentes causantes das mesmas.
- b) A existencia de determinados bens ou servizos públicos debido a esas necesidades básicas colectivas que o mercado non satisfai.
- c) É necesario corrixir determinadas posicións de dominio para o ben da colectividade.
- d) A desigualdade na distribución inicial da renda que o mercado por se mesmo incrementaría.

## TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

Podemos dicir que o Estado ten, como funcións principais, as seguintes:

1. **Reguladora:** establece leis para garantir un marco de seguridade de toda a actividade económica.
2. **De asignación de recursos:** o Estado produce, compra e proporciona bens e servizos.
3. **Redistribución da renda:** para garantir un mínimo a toda a poboación.
4. **Estabilizadora:** evita fluctuacións da actividade económica.
5. **Garantir un crecemento sostíbel.**

Exercicio

1:

Relaciona cada un dos seguintes puntos coas anteriores funcións do Estado na economía (podes relacionalo con máis dunha función):

- a) Lei do Estatuto dos traballadores
- b) IES Monte dá Vila (O Grove)
- c) Construción portos e aeroportos
- d) Prestación por desemprego
- e) Lei de medio ambiente
- f) Lei de defensa dos consumidores e usuarios
- g) Hospital Público
- h) Salario mínimo interprofesional
- i) Control da inflación
- j) Fomento da utilización de enerxías renovables
- k) Lei de defensa da competencia
- l) Subministración de auga
- m) Recollida de lixo
- n) Xustiza
- o) Pensión por jubilación
- p) Subir os impostos
- q) RTVE
- r) Reciclaxe e recollida selectiva
- s) Subir os tipos de interese
- t) Estradas e autoestradas

## 2. A POLÍTICA ECONÓMICA. INSTRUMENTOS

Cando falamos de política económica referímonos a toda actuación desenvolvida polo Estado en relación á actividade económica. Para conseguir os seus obxectivos o Estado desenvolve diferentes políticas a curto prazo e a longo prazo.

• **Políticas coxunturais:** aquelas que se establecen a curto prazo tratando de garantir unha estabilidade na actividade económica. As máis importantes son as seguintes:

- Política fiscal: a través do aumento ou diminución do gasto público e dos impostos.

- Política monetaria: aumentando ou diminuindo a liquidez ou variando os tipos de interese.

- Outras políticas: política exterior (favorecer exportacións, tipos de cambio, ...), política de rendas (control de prezos e salarios), etc.

• **Políticas estruturais:** establécense a longo prazo. O seu obxectivo é establecer as condicións necesarias para un crecemento da economía. É dicir, desenvolver a estrutura e capacidade económica do país. Poderíamos citar:

- Política de infraestruturas

- Política de privatizacións ou nacionalizacións, etc

Ligazón: Promesas Electorais nas Eleccións Xerais 2008

Exercicio 2: Das promesas electorais nas Eleccións Xerais de 2008, indica cales delas pertencen a políticas estruturais ou coxunturais e relaciónaas coas políticas máis concretas citadas cando sexa posible (fiscal, monetaria, exterior, rendas, infraestruturas, privatizacións, ...):

### 3. OS ORZAMENTOS PÚBLICOS

Para poder desenvolver as súas actividades, o Estado necesita dunha serie de recursos, que consegue principalmente vía impostos (son os ingresos do Estado). Por outra parte, no desenvolvemento destas actividades o Estado gástase estes ingresos en menor ou maior medida.

Para desenvolver a política fiscal, como dicíamos utilizamos o gasto publico e os impostos. Pero goberno non pode actuar de forma arbitraria segundo lle pareza, senón que estas medidas deben estar apoiadas por unha maioría dos cidadáns a través das Cámaras Legislativas, e aprobando os denominados Orzamentos Xerais do Estado.

Os Orzamentos Xerais do Estado (OXE) son unha relación detallada das previsións de gastos do Estado e, en principio, non poden ser sobrepassados; e dos ingresos que vai obter para financiar estes gastos.

Saber máis: [Funcionamento dos PGE.](#)

#### **3.1 - Os Gastos Públicos**

É unha relación detallada de todos os gastos en que vai incurrir o Estado nun período dun ano. Para analizar os mesmos utilízanse diversos criterios de clasificación:

a) Criterio orgánico: intenta contestar á pregunta quen efectúa o gasto?. Clasifícase o gasto por Ministerios e outros organismos dependentes do Estado.

b) Criterio funcional: permítenos coñecer as prioridades que un ou outro goberno dá ao Gasto Público. En que se gasta?

c) Criterio económico: intenta contestar á pregunta Como se gasta? e podemos distinguir entre gastos correntes e gastos de investimento:

Saber máis: [Os Gastos Públicos](#)

#### **3.2 - Os ingresos públicos**

É unha estimación dos ingresos que vai recibir o Estado. Podemos diferenciar os tributos e outros ingresos.

Respecto aos tributos, estes os diferenciamos en:

- Taxas: pola prestación de servizos públicos por parte da administración, como as taxas universitarias, a recollida de lixos, expedición DNI, ...

- Contribucións especiais: pagamentos por parte de determinados cidadáns que se ven directamente beneficiados pola realización dunha obra ou servizo público como a urbanización dunha rúa, iluminación, etc.
- Impostos: cantidades que coactivamente os cidadáns deben entregar ao Estado sen contraprestación directa algunha.

### 3.3 - Os impostos

Diferenciamos entre impostos directos e indirectos:

- **Impostos directos:** que gravan a obtención de renda (ou riqueza) por parte do suxeito pasivo. Exemplos:
  - Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)
  - Imposto de sociedades
  - Imposto sobre o patrimonio
  - Imposto sobre sucesións e doazóns
  - Imposto de Actividades Económicas (IAE)
  - Imposto de Bens Inmóbles (IBI)
- **Impostos indirectos:** gravan a renda cando se gasta, é dicir, a manifestación de capacidade económica polo suxeito pasivo.
  - Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)
  - Imposto sobre transmisións patrimoniais (ITPAXD)
  - Impostos especiais: alcohol, tabaco, carburantes, ...

Outra clasificación habitual é entre impostos proporcionais e progresivos:

- **Impostos proporcionais:** o tipo impositivo é sempre o mesmo, non varía aínda que varíe a renda do suxeito pasivo. Como por exemplo o IVE. Os impostos indirectos adoitan ser proporcionais.
- **Impostos progresivos:** o seu tipo impositivo é maior a medida que aumenta a renda sobre a que se aplica. Como o IRPF

Saber máis: Os ingresos públicos

### 3.4 - Equilibrio orzamentario

A finais de cada ano elabóranse os OXE, pero dado que a partida dos ingresos é unha estimación e, os gastos en ocasións son maiores ou menores, é moi difícil que coincidan as cantidades e que, polo tanto, exista equilibrio orzamentario. Normalmente hai déficit (en períodos baixos da economía) ou superávit (en ciclos expansivos da economía).

**Equilibrio orzamentario:** cando coinciden os gastos e os ingresos públicos.

**Superávit orzamentario:** os ingresos son superiores aos gastos.

**Déficit orzamentario:** os gastos son superiores aos ingresos. Distinguimos o déficit cíclico e o estrutural:

- **Déficit cíclico:** débese a factores coxunturais (a curto prazo) que provocan unha diminución da actividade económica e, o Estado, para compensar aumenta os seus gastos por riba dos ingresos.

- **Déficit estrutural:** débese a factores estruturais (moito máis profundos e a longo prazo) que provoca continuos défices, incluso cando a economía mellora.

Para financiar os défices, o Estado emite Débeda Pública, que non é outra cousa que a petición de diñeiro ás familias ou outros axentes económicos, que será devolta no prazo establecido.

VIDEO: Superávit orzamentario

PPT: O consumo público e a DA

### 4. A POLÍTICA FISCAL E OS SEUS EFECTOS

Unha das políticas económicas das que dispón o Estado é a política fiscal. Mediante a aplicación da política fiscal preténdese suavizar as fases dos ciclos económicos, permitindo así un crecemento económico estable, procurar o maior emprego posible e baixas taxas de inflación.

Os instrumentos dos que dispón a política fiscal son o gasto público e os impostos.

Se lembramos os compoñentes da Demanda Agregada:

$$DA = C + I + G + (X-M)$$

Como pode o Estado influír na DA?

a) **Gasto:** como viamos o gasto do Estado está composto polos gastos correntes (persoal, compra bens e servizos, gastos financeiros e transferencias) e por gastos de capital (investimentos reais e transferencias de capital). É dicir, variando estes gastos poderá aumentar ou diminuír DA nas compoñentes de I (Investimento público) e G (aumento ou diminución gasto público).

b) **Impostos:** se o Estado varía os impostos, a renda dispoñible será diferente e polo tanto o consumo dos cidadáns. Lembremos que ( $Y_d = RP - T_d$ ) e que ( $Y_d = C + A$ ).

#### 4.1 - A política fiscal expansiva

Nas fases do ciclo económico en que a actividade económica diminúe, o Estado pode actuar para compensar esta diminución aumentando o gasto público (aumenta I e G) e diminuíndo os impostos para que a renda dispoñible sexa maior (aumenta C).

## TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

a) **Aumento do Gasto:** se aumentamos os gastos en persoal (funcionarios, contratos temporais) ou os investimentos reais en infraestruturas (aumentan os contratos e xeran emprego privado e actividade económica), maiores transferencias para as familias e empresas, etc.

b) **Diminución dos impostos:** ao diminuír os impostos a economías domésticas e empresas, estas dispoñen de máis diñeiro e poden destinar máis recursos ao consumo e ao investimento.

Os problemas que adoita provocar as políticas fiscais expansivas son subidas dos prezos ou inflación.

Lembremos tamén que para poder financiar esta maior actividade económica o Estado emite Débeda Pública, que posteriormente deberá devolver.

### 4.2 - Política fiscal restritiva

Ao revés que a expansiva. Cando estamos nun ciclo económico expansivo, cun aumento da actividade económica, adoita producirse unha subida dos prezos e, para compensalo o Estado aplica unha política fiscal restritiva, consistente na redución do gasto público e subindo os impostos.

a) **Diminución do Gasto:** reducindo os gastos correntes e de investimento e, consecuentemente, o I e o G.

b) **Aumento dos impostos:** e así ter unha menor renda dispoñible e moderar o consumo.

PPT: “As receitas Keynesianas”

Exercicio:

Zapatero promete devolver 400€ a 13 millóns de contribuíntes: A dedución [...] será aprobada no primeiro Consello de Ministros que se celebre tralos comicios e a constitución do futuro Goberno, desde que o PSOE obteña o apoio maioritario dos cidadáns nas urnas. "É unha transferencia de renda aos cidadáns, posible grazas ao superávit fiscal", sinalaron as mesmas fontes. O equipo económico socialista manexa a posibilidade de que a dedución se realice dunha soa vez, no próximo mes de xuño, ou distribuíla mes a mes ata final de ano.

a) Que tipo de política económica supón?

b) Como afectaría á demanda agregada? Explica como se modifica cada unha das compoñentes.

## 5 - O ESTADO DO BENESTAR

Estado do Benestar: Tradución da expresión inglesa welfare state que se utiliza para facer mención das novas actividades sociais que asumiron certos Estados modernos. O Estado de benestar, característico de varios países de Europa Occidental, ofrece educación e atención médica gratuítas, vivendas de baixo custo, pensións de vellez, retiro e doenza, transferencias directas para os desempregados e os pobres, así como outros programas sociais de diversa natureza.

Nos últimos anos se reverteu en parte a tendencia que levou á ampliación de funcións característica dos Estados de benestar. Iso aconteceu por varios motivos:

- a) pola revalorización da economía de mercado, o cal leva a tratar de eliminar as distorsións que, sobre a asignación xeral de recursos, producen estas amplas políticas;
- b) polos crecentes défices que se van xerando cando o gasto público se aumenta desta maneira;
- c) pola ineficiencia de moitas destas políticas para erradicar os males sociais que se propoñen combater, en especial no que fai á eliminación da pobreza e o desemprego.

FONTE: Diccionario de Economía e Finanzas ([www.eumed.net](http://www.eumed.net))

LER:

Suecia despois do modelo Sueco – Libertad Digital

O Estado de Benestar reduce a desigualdade en Europa ó dobre que en EEUU – El País

## 6 - ACTIVIDADES DE DEBATE

Utilizaremos para o debate as preguntas da enquisa que periodicamente realiza o CIS sobre Opinión Pública e Política Fiscal. Posteriormente mostraremos os resultados da última enquisa.

As cuestións son as seguintes:

1. Para empezar, gustaríame que me dixese, con que frecuencia: moita, bastante, poca ou ningunha, fala vostede cos seus compañeiros de traballo, amigos ou familiares sobre o funcionamento dos servizos públicos?

2. Cre vostede que os cidadáns españois, á hora de usar un servizo ou recibir unha prestación pública, son hoxe en día máis esixentes, igual de esixentes ou menos esixentes que fai dez anos?

3. E vostede, persoalmente, á hora de utilizar un servizo ou recibir unha prestación pública, considérase moi esixente, bastante, pouco ou nada esixente?

4. En que medida: moito, bastante, pouco ou nada diría vostede que cada un dos seguintes servizos públicos que lle vou mencionar funciona satisfactoriamente?

- a) O ensino
- b) A asistencia sanitaria nos hospitais
- c) A asistencia sanitaria nos ambulatorios
- d) O servizo de correos
- e) A xestión das pensións
- f) A Administración de Xustiza
- g) Os servizos sociais
- h) A xestión dos subsidios de protección por desemprego
- i) As oficinas da administración Pública en xeral
- j) O ferrocarril
- k) O transporte urbano
- l) As obras públicas (estradas, etc.)

5. Das seguintes frases que figuran nesta tarxeta que lle vou mostrar, gustaríame que me dixese cal delas reflicte mellor a súa opinión sobre os impostos:

- a) Os impostos son un medio para distribuír mellor a riqueza na sociedade
- b) Os impostos son algo que o Estado nos obriga a pagar sen saber moi ben a cambio de que
- c) Os impostos son necesarios para que o Estado poida prestar servizos públicos, facer estradas, etc.

6. En xeral, tendo en conta os servizos públicos e prestacións sociais existentes, diría vostede que, en conxunto, a sociedade beneficiase moito, bastante, pouco ou nada do que pagamos ao Estado en impostos e cotizacións?

7. E máis en concreto, tendo en conta o que vostede e a súa familia reciben do Estado en servizos sanitarios, Seguridade Social, ensino, estradas, etc., diría vostede que o Estado

## TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

Ile dá máis do que vostede paga en impostos e cotizacións, máis ou menos o que paga, ou menos dos que paga en impostos e cotizacións?

8. Como vostede sabe, o Estado destina o diñeiro que os españois pagamos en impostos a financiar os servizos públicos e prestacións das que vimos falando. Dígame, por favor, se cre que o Estado dedica demasiados, os xustos ou moi poucos recursos a cada un dos servizos que lle vou mencionar:

- a) Ensino
- b) Obras Públicas
- c) Protección ao desemprego
- d) Defensa
- e) Seguridade cidadá
- f) Sanidade
- g) Cultura
- h) Vivenda
- i) Xustiza
- j) Seguridade Social/Pensións
- k) Transporte e comunicacións
- l) Protección do medio ambiente

9. Agora gustaríame que vostede me dixese se está máis ben de acordo ou máis ben en desacordo con cada unha das frases seguintes:

- a) Se queremos ter máis e mellores servizos públicos e prestacións sociais (sanidade, educación, pensións, etc.), é necesario que aumenten os impostos
- b) É posible reducir os impostos e manter os servizos públicos e prestacións sociais actualmente existentes

10. Cre que os españois, á hora de cumprir cos seus deberes e obrigas como cidadáns, como por exemplo pagar impostos, son:

- a) Moi conscientes e responsables
- b) Bastante conscientes e responsables
- c) Pouco conscientes e responsables
- d) Moi pouco conscientes e responsables

11. E vostede, persoalmente, considérase a si mesmo:

- a) Moi consciente e responsable
- b) Bastante consciente e responsable
- c) Pouco consciente e responsable
- d) Moi pouco consciente e responsable

12. Diría vostede que o que os españois pagamos en impostos é moito, regular ou pouco?

13. E en comparanza con outros países de Europa, pensa vostede que en España páganse máis, igual ou menos impostos?

14. E cre vostede que, en xeral, os impostos cóbranse con xustiza, isto é, que pagan máis os que máis teñen, ou non o cree así?

## TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

15. Na súa opinión, cre vostede que en España existe moito fraude fiscal, bastante, pouco ou moi pouco fraude fiscal?
16. Cre vostede que actualmente o fraude fiscal é maior, igual ou menor que fai cinco anos?
17. E cre vostede que, na actualidade, a Administración fai moitos, bastantes, poucos ou moi poucos esforzos para loitar contra o fraude fiscal?
18. E entre a xente que coñece, Cantos cre vostede que declaran realmente todos os seus ingresos ao facer a Declaración da renda?
19. En todo caso, pensa vostede que ao facer a Declaración da renda, a xente intenta enganar cada vez máis ou intenta enganar cada vez menos?
20. Se pensa que cada vez intenta enganar menos: E diría vostede que isto acontece principalmente por medo a unha revisión ou porque a xente é consciente de que é un deber cidadán pagar o que lle corresponde?
21. E entre a xente que vostede coñece que está obrigada a declarar o IVE (profesionais, autónomos, comerciantes), Cantos cre vostede que declaran toda a verdade ao facer a Declaración do IVE?
22. Agora gustaríame que vostede me dixese se está máis ben de acordo ou máis ben en desacordo con cada unha das seguintes frases:
- a) Se a xente non engana máis a Facenda é por medo a unha revisión
  - b) Case todo o mundo engana algo ao pagar os seus impostos, e a Administración xa conta con iso
  - c) En realidade non está tan mal ocultar parte da renda, porque iso non prexudica a ninguén
  - d) Enganar a Facenda é enganar ao resto dos cidadáns
23. A ningún gústanos que suban os impostos, pero supoñendo que o Estado tivese que aumentalos, Cal lle desgustaría máis que subise: o Imposto sobre a Renda das persoas Físicas (IRPF) ou o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)?
24. Non
25. Non
26. Non
27. E, na súa opinión, Quen administra mellor o diñeiro que se recada por impostos, o Goberno central, o Goberno autonómico ou o do Concello?
28. Con relación á administración do diñeiro recadado por impostos, Cre vostede que o Estado debería gastar menos para que as Autonomías puidesen gastar máis?

## TEMA 6 – INTERVENCIÓN DO ESTADO NA ECONOMÍA

29. E, ao seu xuízo, preferiría que parte do diñeiro gastado polas Autonomías fose gastado polos Concellos?

30. E, cre vostede que o Goberno central debería ter algún tipo de actuación para evitar que as Autonomías se endebeden excesivamente?

31. E cos Concellos?

GLOSARIO UNIDADE 6: (Na web)	
Política Económica	Impostos Progresivos
Políticas Coxunturais	Equilibrio Orzamentario
Políticas Estruturais	Superávit Orzamentario
Orzamentos Xerais do Estado	Déficit Orzamentario
Taxas	Déficit Cíclico
Contribucións Especiais	Déficit Estrutural
Impostos	Política Fiscal Expansiva
Impostos Directos	Política Fiscal Restritiva
Impostos Indirectos	O Estado do Benestar
Impostos Proporcionais	